

## **“PLAN DE CONTINXENCIA CPI DR. LÓPEZ SUÁREZ”**

O Plan de Continxencia do centro educativo CPI Dr. López Suárez, ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun gromo que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

### **ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN GROMO**

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con COVID-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.
2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o seguinte protocolo:
  - Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de illamento Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. De seguido, contactarase coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.
  - A persoa que acompañe ao caso sospeitoso levará máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva. De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houbese dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse una máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.
  - Se coincidisen varios casos con sintomatoloxía compatible coa Covid, os restantes, agardarán acompañados por alguna persoa do centro educativo noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 estará formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo. O centro conta cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.
  - Débese chamar á familia, que debe poñerse en contacto co seu centro de saúde ou co seu pediatra. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu

posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

3. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19, a petición dos servizos de saúde a través de EduCOVID, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 segúíranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

6. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, a través do Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

7. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.
- A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao ensino a distancia. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos

NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

## **ACTUACIÓNS PARA O PERIODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

8. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo ou no caso de 5º,6º de Primaria e 1º e 2º da ESO e tamén 3º e 4º da ESO, a través de E-dixgal. Tamen o profesorado de educación infantil fará uso da aula virtual co seu alumnado. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente, o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

9. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

10. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

11. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

-Empregar a Aula Virtual do centro e E-dixgal como soportes fundamentais do proceso de ensino-aprendizaxe.

-Empregar a plataforma de videoconferencias Webes ou Falemos a partir de 3º de primaria, en educación infantil e 1º e 2º de primaria será opcional.

-Empregar en Primaria como ferramenta de comunicación o correo electrónico e o Abalarmóbil entre outros.

-Detectar as necesidades de conexión, así como de equipamento do alumnado e dar resposta as necesidades detectadas.

-Utilizar videos explicativos sobre os distintos contidos.

-Establecer una titoría permanente co alumnado e coas familias, facendo especial énfase nos casos que máis o precisen.

-O profesorado non titor, apoiará ao equipo docente de cada curso en todo o proceso.

14. Horarios espello para o alumnado:

- Na páxina web do centro estarán publicados os horarios espellos en caso de peche de aulas e/ou Centro.

-Cada persoa titora sera a responsable de facer chegar esta información tanto ao alumnado como as familias do alumnado da súa titoría.

-Faranse simulacións periódicas para garantir que tanto as familias como o alumnado saben conectarse, baixar materiais, etc. Na páxina web do Centro estarán colgados titoriais de axuda: titorial aulas virtuais, webex e un acceso directo a webex e falemos ( para as videoconferencias)

-Estes horarios serán os mesmos que os do ensino presencial agás en caso de peche de Centro ou etapa que se farán do seguinte xeito:

ESO:

- O período lectivo de conexión será en 3 sesión de 30 minutos, dende 09:45 ata ás 11:15 horas. Tempo de lecer de 11:15 ata ás 11:45 horas e logo 3 sesións de 30 minutos dende as 11:45 ata 13:15 horas os luns, mércores e venres. Os martes e xoves farán outra sesión de 13:15 ata 13:45 horas.
- O tempo de adicación á realización das tarefas en aula virtual ou outros medios será distribuído proporcionalmente á carga lectiva polo profesorado do que, semanalmente, dará información á xefa de estudos polo medio que se lles indique.

PRIMARIA:

- Reaxuste do horario presencial en horario de 09:45 ata ás 12:45 horas con tempo de lecer de 10:45 a 11:15 horas.
- O tempo de adicación á realización das tarefas en aula virtual ou outros medios será distribuído proporcionalmente á carga lectiva polo profesorado do que, semanalmente, dará información á xefa de estudos polo medio que se lles indique.

-Respectarase sempre o dereito ao lecer do alumnado.



## MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro, realizarase unha planificación do retorno á actividade presencial, retomando os protocolos xa apostos en marcha nestes momentos, e tendo en conta o documento protocolizado adaptado ao noso centro.

### RELACIÓN DE HORARIOS ESPELLO E METODOLOXÍA:

#### 3º EDUCACIÓN PRIMARIA

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:45 10:15	RL/VL	L.GALEGA	MÚSICA	ED.FÍSICA	LCAST.
10:15 10:45	L. CAST.	INGLÉS	CCSS	INGLÉS	INGL
10:45 11:15	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>
11:15 11:45	ED.FÍSICA	CCSS	CCNN	LGALEGA	LGALEGA
11:45 12:15	MAT.	L.CAST.	L.GALEGA	CCNN	MAT.
12:15 12:45	CCSS	MATEM.	MTEM.	L.CAST.	PLÁSTICA

### ASPECTOS A TER EN CONTA:

- 1.A actividade educativa terá lugar a través de videoconferencias coas Plataformas FALEMOS ou CISCO WEBEX.
2. O seguimento do traballo individual do alumnado a través da aula virtual farase a través de mensaxes privados, foro de dúbidas e entrega das tarefas asignadas.
3. Farase un control de asistencia e a familia do alumnado deberá xustificar as faltas.
4. Terase en conta a entrega de traballos nos prazos establecidos, as tarefas de produción propia do alumnado, a boa presentación e a correcta execución das propias elaboracións.
5. En circunstancias excepcionais poderanse utilizar outras canles de comunicación co alumnado: vía telefónica, whatsapp, correo electrónico...

### 4º EDUCACIÓN PRIMARIA

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:45 10:15	MATEM.	L.GALEGA	ED.FÍSICA	L.GALEGA	MATEM.
10:15 10:45	L. GALEGA	MÚSICA	L.GALEGA	RL/VL	EST.V.SAUD.
10:45 11:15	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>
11:15 11:45	INGLÉS	PLÁSTICA	MATE.	MATEM.	INGLÉS
11:45 12:15	L.CAST.	ED.FÍSICA	CCNN	CCSS	L.CAST.
12:15 12:45	CCNN	L.CAST.	L.CAST.	INGLÉS	CCSS

#### ASPECTOS A TER EN CONTA:

- 1.A actividade educativa terá lugar a través de videoconferencias coas Plataformas FALEMOS ou CISCO WEBEX.
2. O seguimento do traballo individual do alumnado a través da aula virtual farase a través de mensaxes privados, foro de dúbidas e entrega das tarefas asignadas.
3. Farase un control de asistencia e a familia do alumnado deberá xustificar as faltas.
4. Terase en conta a entrega de traballos nos prazos establecidos, as tarefas de produción propia do alumnado, a boa presentación e a correcta execución das propias elaboracións.
5. En circunstancias excepcionais poderanse utilizar outras canles de comunicación co alumnado: vía telefónica, whatsapp, correo electrónico..

### 5º EDUCACIÓN PRIMARIA

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:45 10:15	MATEM.	L.GALEGA	MATEM.	MATEM.	L.CAST.
10:15 10:45	CCNN	L.CAST.	L.CAST.	L.CAST.	MATEM.
10:45 11:15	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>	<b>LECER</b>
11:15 11:45	L.GALEGA	MATEM.	L.GALEGA	L.GALEGA	CCNN
11:45 12:15	RL/VL	CCSS	INGLÉS	INGLÉS	INGLÉS
12:15 12:45	CCSS	PLÁSTICA	ED.FÍSICA	ED.FÍSICA	MÚSICA

#### ASPECTOS A TER EN CONTA:

- 1.A actividade educativa terá lugar no Entorno Virtual de Aprendizaxe EVA-Edixgal e a través de videoconferencias coas Plataformas FALEMOS ou CISCO WEBEX.
- 2.O seguimento do traballo individual do alumnado a través do Entorno Virtual de Aprendizaxe EVA-Edixgal farase a través, de mensaxes privados, foro de dúbidas e entrega das tarefas asignadas.
3. Farase un control de asistencia e a familia do alumnado deberá xustificar as faltas.
4. Terase en conta a entrega de traballos nos prazos establecidos, as tarefas de produción propia do alumnado, a boa presentación e a correcta execución das propias elaboracións.
5. A avaliación realizarase en base ao apartado correspondente da Programación.
6. En circunstancias excepcionais poderanse utilizar outras canles de comunicación co alumnado: vía telefónica, whatsapp, correo electrónico...

### 6º EDUCACIÓN PRIMARIA

	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
9:45 10:15	INGLÉS	MATEMT.	INGLÉS	MATEMT.	L.GALEGA
10:15 10:45	L.GALEGA	L.CASTEL.	ED.FÍSICA	L.CASTEL.	MATEMT.
10:45 11:15	<b>LE CER</b>	<b>LE CER</b>	<b>LE CER</b>	<b>LE CER</b>	<b>LE CER</b>
11:15 11:45	CCSS	ED.FÍSICA	L.GALEGA	INGLÉS	L.CASTEL.
11:45 12:15	ED.FÍSICA	CCSS	PLÁSTICA	CCNN	MÚSICA
12:15 12:45	MATEMT.	L.CONFG.	MATEMT.	CCSS	RL/VL

#### ASPECTOS A TER EN CONTA:

- 1.A actividade educativa terá lugar no Entorno Virtual de Aprendizaxe EVA-Edixgal e a través de videoconferencias coas Plataformas FALEMOS ou CISCO WEBEX.
- 2.O seguimento do traballo individual do alumnado a través do Entorno Virtual de Aprendizaxe EVA-Edixgal farase a través, de mensaxes privados, foro de dúbidas e entrega das tarefas asignadas.
3. Farase un control de asistencia e a familia do alumnado deberá xustificar as faltas.
4. Terase en conta a entrega de traballos nos prazos establecidos, as tarefas de produción propia do alumnado, a boa presentación e a correcta execución das propias elaboracións.
5. A avaliación realizarase en base ao apartado correspondente da Programación.

6. En circunstancias excepcionais poderanse utilizar outras canles de comunicación co alumnado: vía telefónica, whatsapp, correo electrónico...

### 1º ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	Lingua Galega	Lingua Castelá	Inglés	Matemáticas	Xeografía e Historia
10:15 – 10:45	Educación Plástica	Inglés	Matemáticas	Xeografía e Historia	Francés / Reforzo
10:45 – 11:15	Relixión / Valores	Matemáticas	Lingua Galega	Bioloxía e Xeoloxía	Matemáticas
11:15 – 11:45	LECER	LECER	LECER	LECER	LECER
11:45 – 12:15	Matemáticas	Bioloxía e Xeoloxía	Lingua Castelá	Educación Física	Lingua Galega
12:15 – 12:45	Lingua Castelá	Lingua Galega	Bioloxía e Xeoloxía	Inglés	Bioloxía e Xeoloxía
12:45 – 13:15	Francés / Reforzo	Xeografía e Historia	Educación Plástica	Titoría	Educación Física
13:15 – 13:45		Oratoria		Lingua Castelá	

### 2º ESO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	Inglés	Lingua Castelá	Xeografía e Historia	Música	Inglés
10:15 – 10:45	Tecnoloxía	Matemáticas	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá
10:45 – 11:15	Lingua Galega	Educación Física	Matemáticas	Est. Vida Saudable	Xeografía e Historia
11:15 – 11:45	LECER	LECER	LECER	LECER	LECER
11:45 – 12:15	Francés / Reforzo	Xeografía e Historia	Física e Química	Francés / Reforzo	Física e Química
12:15 – 12:45	Matemáticas	Física e Química	Tecnoloxía	Tecnoloxía	Educación Física
12:45 – 13:15	Música	Lingua Galega	Lingua Castelá	Titoría	Matemáticas
13:15 – 13:45		Relixión / Valores		Inglés	



### 3º ESO (A-MATEMÁTICAS ACADÉMICAS)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	Educación Plástica	Tecnoloxía	Física e Química	Lingua Castelá	Bioloxía e Xeoloxía
10:15 – 10:45	Lingua Castelá	Educación Física	C.Clásica / Francés	Matemáticas	Lingua Galega
10:45 – 11:15	Xeografía e Historia	Inglés	Matemáticas	C.Clásica / Francés	Lingua Castelá
11:15 – 11:45	LECER	LECER	LECER	LECER	LECER
11:45 – 12:15	Relixión / Valores	Música	Inglés	Lingua Galega	Inglés
12:15 – 12:45	Matemáticas	Educación Plástica	Educación Física	Xeografía e Historia	Xeografía e Historia
12:45 – 13:15	Física e Química	Matemáticas	Tecnoloxía	Titoría	Música
13:15 – 13:45		Lingua Galega		Bioloxía e Xeoloxía	

### 3º ESO (B – MATEMÁTICAS APLICADAS)

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	Educación Plástica	Tecnoloxía	Física e Química	Matemáticas	Bioloxía e Xeoloxía
10:15 – 10:45	Inglés	Educación Física	C.Clásica / Francés	Lingua Castelá	Lingua Galega
10:45 – 11:15	Xeografía e Historia	Matemáticas	Lingua Castelá	C.Clásica / Francés	Inglés
11:15 – 11:45	LECER	LECER	LECER	LECER	LECER
11:45 – 12:15	Relixión / Valores	Música	Matemáticas	Lingua Galega	Matemáticas
12:15 – 12:45	Lingua Castelá	Educación Plástica	Educación Física	Xeografía e Historia	Xeografía e Historia
12:45 – 13:15	Física e Química	Inglés	Tecnoloxía	Titoría	Música
13:15 – 13:45		Lingua Galega		Bioloxía e Xeoloxía	

**4º ESO (E. ACADÉMICAS)**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	Xeografía e Historia	Valores	Matemáticas	Educación Plástica	Matemáticas
10:15 – 10:45	Lingua Galega	Matemáticas	Lingua Castelá	TIC	Física / Economía
10:45 – 11:15	Matemáticas	Bioloxía / Latín	Física / Economía	Lingua Castelá	Lingua Galega
11:15 – 11:45	LECER	LECER	LECER	LECER	LECER
11:45 – 12:15	Bioloxía / Latín	Lingua Galega	Bioloxía / Latín	Física / Economía	Educación Física
12:15 – 12:45	Inglés	TIC	TIC	Educación Física	Educación Plástica
12:45 – 13:15	Lingua Castelá	Educación Plástica	Inglés	Titoría	Xeografía e Historia
13:15 – 13:45		Xeografía e Historia		Inglés	

**4º ESO (E. APLICADAS)**

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:45 – 10:15	Xeografía e Historia	Valores	Lingua Galega	Educación Plástica	Lingua Castelá
10:15 – 10:45	Matemáticas	Lingua Castelá	Matemáticas	TIC	CAAP
10:45 – 11:15	Lingua Castelá	Tecnoloxía	CAAP	Lingua Galega	Matemáticas
11:15 – 11:45	LECER	LECER	LECER	LECER	LECER
11:45 – 12:15	Tecnoloxía	Matemáticas	Tecnoloxía	CAAP	Educación Física
12:15 – 12:45	Inglés	TIC	TIC	Educación Física	Educación Plástica
12:45 – 13:15	Lingua Galega	Educación Plástica	Inglés	Titoría	Xeografía e Historia
13:15 – 13:45		Xeografía e Historia		Inglés	



### **CONSIDERACIÓNS FINAIS:**

-Os presentes horarios serán aplicados en caso de confinamento da etapa de ESO.

-As sesións telemáticas serán impartidas mediante as plataformas WEBEX e/ou FALEMOS, segundo resulte máis factible.

-Os materiais de traballo das distintas materias estarán a disposición do alumnado na aula virtual ou edixgal, segundo os grupos.

-Para a comunicación coas familias empregárase abalar móbil, videoconferencia, páxina web do centro, whatsapp ou correo electrónico.

-O profesorado levará un rexistro da asistencia do alumnado ás distintas sesións e dos posibles problemas de conexión que puidieran darse.

## PLAN INDIVIDUALIZADO ALUMNADO VULNERABLE EN ENSINO VIRTUAL

O alumnado do noso centro en situación de vulnerabilidade está sendo atendido dentro da aula ordinaria co apoio do profesorado de PT , AL e ARCO, salvo algunha dificultade na articulación de fonemas que está a ser traballada fora da aula coa especialista de audición e linguaxe.

A continuación detállase por cursos o alumnado en situación de vulnerabilidade por presentar NEAE, así como a intervención dos diferentes especialistas de apoio.

Ditas necesidades en todo o centro quedan resumidas en:

- **TDAH**
- **DISLEXIA**
- **ATRASO MADURATIVO**
- **DISLALIAS**
- **DIFICULTADES DE APRENDIZAXE**
- **ALUMNO ESTRANXEIRO CON DESCOÑECEMENTO DAS LINGUAS**

❖ **1º primaria** ( *intervención dentro da aula da especialista de AL* )

❖ **2º primaria** ( *intervención fora da aula da especialista de AL* )

2 alumnos con atraso madurativo

1 alumno con condicións persoais e de historia escolar desfavorable

❖ **3º primaria** ( *Intervención dentro da aula da especialista de AL, salvo dous alumnos con intervención fora* )

2 alumnos con rotacismo que están a recibir atención de AL fora da aula

❖ **4º primaria** ( *Intervención dentro da aula do especialista en AL e apoio profesorado* )

1 alumno con rotacismo que está a recibir atención de AL fora da aula

1 alumna con dificultades de aprendizaxe relacionadas coa linguaxe que sae fora da aula coa AL

❖ **5º primaria** (*Intervención dentro da aula do especialista en AL e apoio profesorado*)

2 alumnas en condicións persoais ou de historia escolar desfavorable e con dificultades de aprendizaxe.

❖ **6º primaria** (*Intervención dentro da aula do especialista en AL e apoio profesorado*)

1 alumno con ACS en situación persoal e escolar desfavorable así como dificultades de aprendizaxe

1 alumno con TDAH

❖ **1º ESO** (*Intervención dentro da aula do especialista en PT*)

1 alumno procedente do estranxeiro con descoñecemento das dúas linguas: galego e castelá.

1 alumno con dislexia

❖ **2º ESO** (*Intervención dentro da aula do especialista en PT*)

1 alumna con TDAH

❖ **3º ESO** (*Intervención dentro da aula do especialista en PT*)

4 alumnos con dificultades de aprendizaxe

❖ **4º ESO** (intervención dentro da aula do especialista en PT).

**MEDIDAS ORGANIZATIVAS E METODOLÓXICAS XERAIS PARA TODAS AS NEAE**

A metodoloxía que se levará a cabo adaptarase a estes criterios fundamentais:

- Aproveitar ao máximo os recursos humanos e materiais do centro.

- Coordinarse co resto do profesorado e traballar en equipo.

-Facilitar ao alumnado con NEAE unha aprendizaxe o máis individualizada e personalizada posible que tenda a mellorar as súas estratexias para o estudio así como o seu rendemento escolar.

- Motivación para que sintan interese pola súa propia aprendizaxe.
- Levar a cabo un reforzo positivo
- Traballar a súa autoestima.

Para mellorar a atención individualizada e personalizada:

- Estes/as alumnos/as serán atendidos tanto pola profesora de PT, AL, e ARCO, como polo profesorado das materias dun xeito individual para tentar solucionar as súas dificultades (tanto educativas como emocionais) e o seu ritmo de traballo.
- Cos alumnos de reforzo educativo, seguirase, na medida do posible, a programación dos departamentos para cada área e nivel, adaptándoa a consecución dos seus obxectivos mínimos e sobre todo adaptando os procedementos e as actividades para conseguir ditos obxectivos.
- Nas programacións trataranse de cumprir a maioría dos obxectivos.

Os principios xerais da nosa intervención educativa serán os seguintes:

- Partir do desenvolvemento do noso alumnado.
- Asegurar a funcionalidade do aprendido mediante a construción de aprendizaxes significativos. Axudarlle a que realice aprendizaxes por sí mesmo, axudarlle a “aprender a aprender”.
- Potenciar unha aprendizaxe comprensiva.
- Despertar no alumn@ a curiosidade e o interese por aprender.
- Axustar as respostas educativas ás necesidades.
- Esgotar as medidas de reforzo educativo antes de contemplar as AC.
- Garantir a participación dos pais para posibilitar unha continuidade no traballo, así como cos diferentes profesionais que interveñen na atención educativa, -

*No caso do **ensino virtual** os especialistas estarán coordinados cos profesores de área para elaborar, adaptar ou asesorar co material, así como contacto directo co alumnado por estas mesmas canles, xa que o contacto cos alumnos é imprescindible. Ademais o emprego do Gmail e dos blogs dos especialistas, favorecerá o uso de materiais complementarios.*

## AVALIACIÓN EDUCATIVA TENDO EN CONTA OS PROTOCOLOS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- Protocolo para a intervención psicoeducativa da dislexia e/ou outras dificultades específicas da aprendizaxe
- Protocolo TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario

## ASPECTOS ORGANIZATIVOS E METODOLÓXICOS CONCRETOS A TER EN CONTA CON DETERMINADAS NECESIDADES:

### DISORTOGRAFÍA

- Mellorar o seu autoconceito

- Poñer en marcha estratexias metodolóxicas que permitan que progrese a súa aprendizaxe:

- Uso de ordenador.
- Non copiar enunciados.
- Uso de software compensatorios na casa para a audición de enunciados e de traballos.. Lector de textos CLAROREAD que permita a lectura auditiva de textos.
- Coordinación entre profesorado, sobre todo das linguas para reducir a cantidade de exercicios da mesma temática, por exemplo, se se está traballando a descripción en galego, aproveitar e traballar o diálogo en castellano, y non redundar.
- Evitar a corrección sistemática de todas as faltas de ortografía da súa escritura así como os erros fonolóxicos.
- Non expoñer ó alumno públicamente a escribir na pizarra.
- Reducir os contidos lingüísticos apoiándonos en imáxes
- Adaptar os dictados, non tendo que escribir todo o texto, senon tendo espazos para que vaia copiando as palabras seleccionadas según corresponda.
- Favorecer o uso de exames tipo test e orais por encima dos escritos.

- **Reforzar elementos básicos relativos á escritura:**

- conversión fonema-grafema.
- ortografía reglada e arbitraria.
- Signos de puntuación.

### TDAH

- **Mellorar o seu autoconceito e autoestima** a través da conexión coa alumna e centrándonos nos seus intereses, xerando actividades onde

aprender facendo.

Explicación xeral a todo o alumnado de que somos todos diferentes, con puntos fortes e débiles, sen etiquetas.

Identificar os puntos fortes e reforzalos asiduamente, non so de xeito verbal e non verbal senon tamén a través de *cadernos de comunicación* familia-escola, para producir feedback positivo.

- **Poñer en marcha estratexias para entrenar as funcións executivas:** memoria, inhibición da información irrelevante que lle interfere e atención. Mellorar deste modo a comprensión:

- Uso de materiais multisensoriais.
- Fragmentación de tarefas: exercicios divididos claramente en partes.
- Identificar, marcar, palabras con información relevante.
- Ler con eles o que deben facer para asegurarnos de que entenden el exercicio.
- Exames secuenciados (unha pregunta, separada a seguinte...)
- Ampliar tempo de examen ou rebaixar contido.
- Axudarlle na identificación de palabras con información relevante.
- Dividir os exercicios en partes.
- Dosificar deberes.
- Realizar máis tarefas orais.
- Non copiar enunciados.
- Presentar tarefas onde teñan que relacionar ideas,
- Presentar tarefas onde teña que cumprimentar espazos,
- Plantexar diferentes niveis de dificultade para tarefas plantexadas a toda a clase.
- Ter presente que o traballo de aula deberá ser moi estruturado e predecible



### **-Controlar a actividade excesiva ( no caso do alumno de primaria)**

*A pesar de que o alumno está controlado con medicación, non podemos perder de vista as medidas psico-educativas que lle permitan liberar tensión de xeito ben canalizado.*

- Fomentar o movemento a través de braing breaks no grupo clase( pausa activa: actividade que dura entre dous e cinco minutos e na que cambiamos a rutina de pensamento da nosa mente na aula. Esta pequena actividade permitirá ó alumnado cambiar de dinámica por uns minutos.
- Vídeos musicais que permitan os movementos a través de saltos, estiramientos, etc

### **-Favorecer o proceso atencional**

-Profesorado en xeral e profesorado de apoio en particular axudarán a na anotación de tarefas e comprobación de que leva todo o material. Se fose necesario e para que o alumno vaia adquirindo responsabilidade, elaboraranse listas de rexistro para asegurarse de que anota as tarefas e trae todo o material.

-Asegurar un ambiente estruturado e predecible: calendarios marcando actividades, exames, tarefas, etc con cores diferenciadas, posits para anotacións.

-Clases multisensoriais para captar a atención: complementar explicacións verbais con uso de organizadores gráficos, material visual, auditivo, etc.

-Fomentar a inclusión dentro da aula a través de propostas de actividades multinivel.

-Características da presentación das tarefas, así como a súa valoración serán as mesmas que o resto de compañeiros da aula:

- Tarefas fragmentadas, divididas en partes pequenas.
- Dosificar os deberes.
- Tarefas orais.
- Tarefas onde non teña que estar copiando enunciados e poida ou relacionar ideas ou cumprimentar espazos.
- Permitirlle mais tempo

### **DISLEXIA**

Seguir protocolo dislexia tanto de cara a intervención coas familias como co alumno. O alumno con dislexia precisa desenvolver estratexias que lle permitan acadar a consecución dos obxectivos a través de recursos non únicamente de carácter lecto-escritor, senon audiovisuais e manipulativos.



## **BENESTAR EMOCIONAL DO ALUMNADO E AS SÚAS FAMILIAS**

O benestar emocional do alumnado e das súas familias considérase un aspecto fundamental tanto para a súa saúde como para a mellora na aprendizaxe.

En caso de ter que recurrir a un confinamento ou coarentena, o alumnado e as súas familias contarán cun soporte emocional que garantizaremos tanto vía telefónica como a través da plataforma webex en caso de optar por unha videochamada, ou incluso a través do blog de orientación ou do correo electrónico.

É fundamental que as familias establezan unha rutina dentro do fogar, tanto para o rendemento escolar dos seus fillos, como para o benestar emocional.

Uns hábitos de sono e alimentación adecuados, son fundamentais. Dende o departamento de orientación farase un seguimento das familias para salvaguardar na medida do posible o seu benestar emocional.